



Concello de Mugaros
(A Coruña)

1/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 27 DE XANEIRO DE 2021.

Sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 27 de xaneiro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 55/2021, de data 21.01.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que todos os concelleiros/as atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:


1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.12.2020 (22/2020).

50 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación o mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 30.12.2020 (22/2020).

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A BONIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 6 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1 min 25 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 min 55 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción.

5 min: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

5 min 26 s: O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, e formula unha emenda de supresión, no sentido de eliminar do acordo a referencia que se fai no mesmo a que a bonificación sería unicamente do 50%; manifestando que en caso de que polo relator da moción se acepte a emenda a votación do seu grupo municipal sería favorable á aprobación da moción.

7 min 50 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

9 min 13 s: O sr. Varela Filgueiras intervén aos efectos de manifestar que aceptarían a emenda presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE sempre e cando no acordo se recollese que a bonificación vai a ser como mínimo do 50% da taxa do lixo para tódolos negocios.

10 min 40 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

10 min 45 s: O sr. Martínez Bardanca manifesta que aceptarán a nova redacción proposta polo voceiro do Grupo Municipal do BNG.

11 min 02 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

11 min 24 s: Polo sr. Mahía Prados explícase o sentido e os motivos do voto do seu Grupo Municipal no presente punto da orde do día, sentido do voto que é o da abstención, e



Concello de Mugardos
(A Coruña)

manifesta a postura do seu Grupo Municipal ante esta problemática e as actuacións que se están a levar a cabo dende o grupo de goberno para intentar axudar aos autónomos.

16 min 05 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre a bonificación da ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo, coa emenda introducida durante o debate, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- O goberno municipal realizará os trámites necesarios antes do 31 de marzo de 2021 para introducir os cambios precisos na ordenanza fiscal nº 6, reguladora da Taxa polo Servizo de Recollida do Lixo, para prover dunha bonificación de como mínimo o 50% na tarifa establecida, durante o ano 2021, a todos os establecementos afectados polo peche e a redución horaria derivada da COVID-19.

3.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO ANUAL DE CONTROL INTERNO.

16 min 55 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado da área de facenda.

17 min 13 s: Polo sr. Mahía Prados dase conta, brevemente, do contido do informe de intervención así como das consecuencias que tiveron para o Concello as irregularidades postas de manifesto no mesmo.

22 min 41 s: O sr. Alcalde intervén para conceder un breve turno de intervención ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

23 min 39 s: O sr. Martínez Bardanca intervén para recalcar que o informe, ao ser do ano 2019, ven con un pouco de retraso, e que para ter unha información máis veráz da situación actual do Concello habería que remitirse ao informe correspondente ao ano 2020, manifestando, así mesmo, a súa opinión sobre diversos aspectos recollidos no citado informe.

27 min 56 s: O sr. Alcalde intervén para relatar as actuacións que se levaron a cabo polo grupo de goberno para poñerlle solución aos problemas que se poñen de manifesto no informe de intervención; actuacións que comezaron pola regularización da débeda do concello, para a partir de aí poder modernizar os servizos, para o cal é preciso regularizar a contratación dos mesmos.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dase por informado do asunto epigrafiado, de acordo co informe da intervención municipal de data 11.12.2020, obrante no expediente.

4.- DAR CONTA DO ESCRITO DE ADSCRICIÓN DE CONCELLEIROS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS PRESENTADO POLA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN.

30 min 35 s: Polo sr. Alcalde dase conta do escrito de adscripción de concelleiros/as ás comisións informativas presentado pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común.

O Pleno da Corporación dase por informado do escrito presentado pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común relativo á nova adscripción de vocais ás comisións informativas e á comisión especial de contas, segundo texto obrante no expediente.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 1133/2020 Á 1168/2020, AMBAS INCLUSIVE, E DA 1/2021 Á 51/2021, AMBAS INCLUSIVE

31 min 03 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 1133/2020 á 1168/2020, ambas inclusive, e da 1/2021 á 51/2021, ambas inclusive.


O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 1133/2020 á 1168/2020, ambas as dúas inclusive, e da 1/2021 á 51/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

31 min 35 s: Polo sr. Alcalde dase comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo cos rogos formulados polos señores/as concelleiros/as.

32 min 01 s: Polo sr. Varela Filgueiras formúlase rogo relativo a que os escritos recibidos, de certo calado, sexan levados tanto ás comisións informativas como á Xunta de Voceiros.

34 min 42 s: O sr. Alcalde intervén para indicar que así se fará co rogo formulado polo sr. Varela Filgueiras.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

34 min 55 s: Pola sra. González Lorenzo formúlase rogo relativo á espera dos pacientes fóra do Centro de Saúde de Mugardos.

36 min 19 s: Polo sr. Alcalde relátanse as xestións realizadas polo grupo de goberno ao respecto da espera dos pacientes fóra do Centro de Saúde de Mugardos.

38 min 36 s: Polo sr. Martínez Bardanca formúlanse dous rogos, un respecto á poda de árbores e outro respecto á limpeza do mercado municipal.

39 min 40 s: Polo sr. Alcalde dase a palabra a aqueles concelleiros/as que teñen presentado preguntas para formular na presente sesión plenaria.

40 min 03 s: Polo sr. Martínez Bardanca formúlanse dúas preguntas, unha en relación ás medidas extraordinarias que está a tomar o Concello en relación á limpeza e desinfección pola situación COVID-19 na terceira onda e outra relativa ás medidas que se están a tomar para evitar o elevado número de baixas no servizo de axuda no fogar.

41 min 49 s: Polo sr. Kuntz Peiteado relátanse as medidas de limpeza e desinfección que se están a aplicar no Concello, e aclárase o tema da limpeza do Mercado Municipal.

42 min 53 s: O sr. Martínez Bardanca intervén para recalcar o número de empregados que integran o departamento de servizos.


43 min 11 s: O sr. Alcalde expón a situación na que se atopa o departamento de servizos e a solución que se lle intentará dar á esta situación.

44 min 41 s: Pola sra. Varela Bastida relátanse as medidas que se están a aplicar dende o Concello para intentar evitar o elevado número de baixas no servizo de axuda no fogar

46 min 43 s: Polo sr. Fernández Fernández formúlanse dúas preguntas, unha en relación aos cortes de luz e inundacións que se produciron no Concello durante os meses de decembro e xaneiro e outra respecto ás medidas que ten pensado aplicar o concello para darlle unha solución ao problema de limpeza que ten o Concello.

49 min 21 s: Polo sr. Kuntz Peiteado interviense para aclarar as causas que deron orixe aos cortes de luz e inundacións sufridas no Concello e as xestións e actuacións efectuadas para darlle unha solución a estes problemas, e para informar das actuacións que se están levando a cabo para poñerlle solución as deficiencias, en materia de limpeza de viais e xardinería, que ten o Concello.

55 min 55 s: Pola sra. Ruiz del Ganso formúlanse dúas preguntas, unha sobre a ampliación das prazas do comedor escolar e outra sobre o reforzo do servizo de axuda a domicilio por mor do aumento de usuarios que se ten producido no mesmo a causa da COVID-19.



Concello de Mugaros
(A Coruña)

57 min 46 s: Pola sra. Varela Bastida relátanse as actuacións que se están levando a cabo dende o Concello para poder proceder a ampliar o número de prazas do comedor escolar e aclárase a situación e funcionamento do servizo de axuda a domicilio tra-la incorporación de usuarios que estaban na lista de espera do mesmo.

1 h 00 min 11 s: A sra. Ruiz del Ganso repregunta sobre a data estimada na que se podería ampliar o servizo e sobre as características da licitación que se está a tramitar.

1 h 01 min 11 s: Polo sr. Alcalde intervensse para aclarar a situación na que se atopa a licitación do servizo de comedor escolar e as características da mesma, así como sobre as melloras de protección e prevención das que se ten previsto dotar ao comedor escolar.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e trinta e seis minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte do acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugaros, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugaros/visor.aspx?id=1>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
35e746dad6f9d2a3c61c3f1dac858e74f2c58ab0d96938e817084564406e1fb3

Vº e prace
O ALCALDE